



Impactos positivos: procesos, acciones, futuros

Informe 2022 de acción
sustentable



proxecta
coordinadora galega
de festivais de cinema



Impactos positivos: procesos, accións, futuros. Informe
2022 de acción sustentable é un estudo impulsado por
Proxecta Coordinadora de Festivais de Cinema de
Galicia.

Análise de datos e redacción: María Baqueiro e Arancha Estévez
(Pacto Cultura Sustentable)

Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora

Decembro 2022

proxecta.org

CONTIDO

1. Introducción	4
2. Por que o <i>Informe impactos positivos: procesos, accións, futuros-Proxecta 2022?</i>	5
3. Que é Proxecta	6
4. Proxecta e o Pacto Cultura Sustentable de Galicia	8
5. Metodoloxía aplicada	10
6. Resultados: social, medioambiental, económico	11
6.1. Accións de sostibilidade	11
Ámbito social	11
Ámbito medioambiental	13
Ámbito económico	14
6.2. Indicadores	15
Ámbito social	15
Ámbito medioambiental	16
Ámbito económico	16
6.3. Obxectivos	16
7. Conclusións	17
8. Recomendacións	19
90 accións sustentables para 2022	20

1. Introducción

Neste informe titulado *Impactos positivos: procesos, accións, futuros* realízase unha análise e valoración das accións levadas a cabo durante o ano 2022 polos festivais adheridos a Proxecta-Coordinadora de Festivais de Cinema de Galicia, no camiño cara aos eventos sustentables. Coa participación de doce dos dezaioito festivais asociados, o informe aborda os datos e informacións achegadas cun enfoque de conxunto, para revelar unha fotografía de familia dos festivais de cinema galegos no marco da acción sustentable, en xeral, e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da Axenda 2030.

Este documento baséase na información xerada e procesada polos diferentes festivais ao redor das súas respectivas memorias de sustentabilidade. A organización da información segue o modelo compartido desde o Pacto Cultura Sustentable con 90 accións de mellora propostas durante 2022 e un conxunto de indicadores de medición para verificar o seu grao de cumprimento/avance. Esta ferramenta permítenos visualizar e analizar os pasos dados nos ámbitos social, medioambiental e económico por parte dos festivais de cinema de Galicia.



2. Por que o *Informe impactos positivos: procesos, accións, futuros-Proxecta 2022?*

O obxecto deste documento é presentar os resultados obtidos no diagnóstico realizado entre os festivais de Proxecta para:

- Determinar o grao de cumprimento dos obxectivos do Pacto Cultura Sustentable para 2022
- Identificar as accións que se levaron a cabo
- Coñecer o resultado dos indicadores medidos
- Coñecer as dificultades para poñer en marcha iniciativas no ámbito da sustentabilidade

Outras utilidades e finalidades do informe para a coordinadora Proxecta:

- Que Proxecta conte cun documento no que se reúnen e visibilizan en conxunto as estratexias emprendidas e accións desenvolvidas para construír eventos máis sustentables.
- Que Proxecta poida dispoñer dunha análise sobre os diferentes ámbitos nos que impactan os festivais e como os festivais están a abordalos.
- Que Proxecta teña unha visión clara de cales son as accións que se están a desenvolver e que procedementos se están a utilizar nos festivais adheridos. Nesa análise, a intención tamén é detectar que accións e medidas non se están a desenvolver e cales son as razóns.
- Que Proxecta dispoña dun informe útil de cara á súa actividade externa: procura de patrocinios, subvencións e axudas, xustificacións, premios e recoñecementos, foros e xornadas profesionais etc.

3. Que é Proxecta

Proxecta é unha asociación sen ánimo de lucro que aposta pola defensa e posta en valor dos festivais e mostras de cinema e audiovisual de Galicia, así como pola promoción dos contidos e valores artísticos e culturais que estes impulsan. Proxecta ten a vocación de traballar pola defensa e o impulso dun sector que hoxe constitúe un dos máis fértiles e activos do panorama cultural galego, tanto polo nivel e variedade das súas propostas artísticas e culturais, como polo volume de actividade e de atención ao territorio que desenvolven.

Proxecta nace o 30 de maio de 2018 e actualmente integra 18 festivais e mostras de cinema e audiovisual que se estenden por toda a xeografía galega, que atenden a diversos xéneros e formatos e que reúnen un importante volume de actividades, públicos e equipos profesionais a través dos seus programas de exhibición, formación e promoción do cinema.

Forman parte de Proxecta:

- **Carballo Interplay (Carballo)**
- **Cineuropa (Santiago de Compostela)**
- **Curtas Festival do Imaxinario (Vilagarcía de Arousa)**
- **Curtocircuíto (Santiago de Compostela)**
- **Chanfaina Lab (San Sadurniño)**
- **FanCine Lemos (Monforte)**
- **Festival de Cans (O Porriño)**
- **Festival de Cinema Inclusivo de Vigo (Vigo)**
- **Festival Internacional de Curtas de Verín (Verín)**
- **Festival RiR (Allariz)**
- **FIC Bueu (Bueu)**
- **Galician Freaky Film Festival (Vigo)**
- **Intersección (A Coruña)**
- **MICE Museo do Pobo (Santiago de Compostela)**
- **Mostra Mares da Fin do Mundo (Outes)**
- **Novos Cinemas (Pontevedra)**
- **Play-Doc (Tui)**
- **S8 Mostra de Cinema Periférico (A Coruña)**

Os obxectivos de Proxecta son:

- Difundir e poñer en valor os festivais, mostras e eventos cinematográficos de Galicia, así como as programacións e principios que estes promoven, tanto dentro da Comunidade Autónoma como a nivel nacional e internacional.
- Impulsar os espazos de encontro e o uso de ferramentas e recursos compartidos entre os seus asociados, e entre estes e o resto de axentes relacionados co cinema e a cultura audiovisual en Galicia.
- Establecerse como un interlocutor para levar a cabo un diálogo permanente coa administración e cos diversos organismos vinculados ao cinema, o audiovisual e á programación cultural na toma de decisións que afectan ao sector.
- Promover a colaboración e o diálogo con outras entidades e axentes culturais, sociais e académicos para a promoción do cinema na sociedade galega.
- Contribuír ao desenvolvemento e mellora do cinema galego nas súas etapas de creación, produción e distribución; ao tempo que promover a programación, a crítica, a investigación e a difusión do mesmo.
- Apoiar e contribuír á defensa e desenvolvemento do sector profesional do cinema e do audiovisual en Galicia, así como recoñecer e favorecer as iniciativas de afeccionados, respectando os espazos que lle son propios a cada un.
- Mellorar a comunicación e difusión dos festivais de cinema de Galicia e favorecer a súa presenza nos medios.
- Impulsar as boas prácticas profesionais, a xestión responsable e rigorosa, as boas prácticas laborais e sociais, a programación de calidade e diversa, así como o diálogo entre os festivais, mostras e eventos de cinema de Galicia, e entre estes e outros axentes relacionados.
- Posicionar o cinema galego como marca ou polo de interese social e cultural para Galicia, e referente valioso dende fóra dela.
- Apoiar os fins sociais de acceso a unha cultura diversa e de fomento da igualdade, e defender as políticas de apoio á creación, á pluralidade e liberdade de expresión, e pola dignificación do traballo cultural.
- Propoñer medidas para a mellora da situación e da sustentabilidade dos festivais de cinema de Galicia, e para favorecer a circulación de filmes e catálogos apoiados polos mesmos dentro e fóra da Comunidade.
- Servir de espazo de encontro permanente e punto de apoio e asesoramento profesional para os seus asociados e, no seu caso, para outras persoas e entidades interesadas.
- Estudar e analizar o impacto sociocultural dos festivais de cinema e difundir o seu valor entre os medios, as administracións e a sociedade.



4. Proxecta e o Pacto Cultura Sustentable de Galicia

O 8 de xullo de 2021 presentouse aos medios no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela o Pacto Cultura Sustentable coa coordinadora Proxecta como un dos seus actores principais. Vinte e sete festivais daban un paso á fronte ao convertérense en referente no desenvolvemento dos eventos sostibles, nun exercicio de responsabilidade co planeta, coa contorna e co seu público.

O pacto subscrito recolle os obxectivos para o trienio 2021-2024, entre eles, a eliminación dos plásticos dun só uso, a redución nun terzo do volume xeral de residuos, a compensación da pegada de CO₂ ou a transición cara ás enerxías renovables na produción dos eventos. Ademais do pacto medioambiental, a iniciativa pon sobre a mesa os compromisos na dimensión social dos eventos coa igualdade de xénero, coa economía local e coa accesibilidade.

«A Axenda 2030 é unha chamada á acción e a cambiar o planeta e a cultura xoga un papel fundamental. Este é un pacto a longo prazo. Elaboramos unha política común, unha visión marco: onde nos gustaría vernos no horizonte do 2030 abranguendo todas as áreas de actuación. Queremos traballar na igualdade, que os eventos sexan accesibles, contribuír ao desenvolvemento do territorio, colaborar coas empresas locais e os proxectos artísticos próximos, diminuír os impactos no medio reducindo residuos e, por suposto, compartir recursos entre nós, que é fundamental». Estas eran as palabras da enxeñeira, asesora e promotora do Pacto, María Baqueiro.

O Pacto Cultura Sustentable continúa recollendo adhesións en 2022. As últimas, a da Fundación Bretal, entidade que xestiona entre outros proxectos a actividade cultural no Real Mosteiro de Oia, fundado no século XII e único enclave cisterciense á beira do Atlántico, e o Festival Atlántica, un evento centrado na narración oral que se desenvolve en diferentes localidades. Nos últimos meses tamén subscribiron o Pacto tres eventos localizados na provincia de Ourense: Festival Artificial, UKP Day e MUSGO.

Proxecta, como entidade, foi peza fundamental para a posta en marcha do Pacto. Canda a Asociación de Festivais de Música de Galicia, adheriuse, desde o xermolo, á iniciativa e aos seus compromisos xerais cara 2024, en relación co cambio climático, á accesibilidade ou á implicación dos grupos de interese.

Presentación do
Pacto Cultura
Sustentable en
Santiago de
Compostela,
xullo 2021.



5. Metodoloxía aplicada

A recompilación de información para a elaboración deste informe levouse a cabo a través dun cuestionario que foi enviado aos distintos festivais entre agosto e novembro de 2022. O cuestionario, dividido en tres partes, aborda respectivamente cuestións relativas ás accións sostibles implantadas, aos indicadores medidos e aos obxectivos acadados en 2022. Cada unha das partes do formulario está vinculada ao modelo de xestión sustentable compartido dende o Pacto, e que recolle:

- 90 accións
- 10 indicadores
- 4 obxectivos

Con relación ás **accións**, dende o Pacto facilitouse aos festivais un listado de noventa, vinculadas cos distintos compromisos do Pacto e que abranguen as tres áreas da sostibilidade: social, medioambiental e económica. Para cada unha das accións, que se poden ver na táboa do Anexo, preguntamos aos festivais se foron implantadas ou non nesta edición e, en caso de non implantala, preguntamos as causas, podendo seleccionar entre as seguintes respostas: por falta de orzamento, por falta de coñecemento/formación, por

falta de tempo, por falta de persoal o por outras causas.

Para os **indicadores**, o Pacto elaborou un listado de indicadores de cara a medir algúns dos impactos máis significativos ao longo desta edición. Preguntamos aos festivais se calcularon ou non os indicadores, sobre os resultados obtidos e sobre as causas polas que non se mediron se for este o caso. Por último, o cuestionario recolleu cuestións relativas aos catro **obxectivos** establecidos para 2022. Igual que nos apartados anteriores, preguntamos se lograron ou non os obxectivos e, en caso de non, cales foron os motivos.

6. Resultados: social, medioambiental, económico

Os resultados mostrados a continuación son os resultados agregados da análise das respostas enviadas por 12 dos 18 festivais de Proxecta, o que significa unha participación do 67% dos eventos asociados.

Os resultados preséntanse para cada un dos bloques de análise: accións, indicadores e obxectivos. Para as accións e os indicadores distinguimos ademais por área de acción: social, ambiental ou económica.

6.1. Accións de sostibilidade

Avaliadas as repostas obtidas sobre a implantación das máis de 90 accións de sostibilidade identificadas, os resultados foron os que seguen.

Ámbito social

No ámbito social foi avaliada a implantación de accións nos seguintes campos:

- Igualdade e diversidade
- Condicións de traballo dignas
- Accesibilidade (física, motora, cognitiva, sensorial e orgánica)
- Seguridade, saúde, hixiene e benestar

Cando falamos de igualdade, vemos que o 90% dos festivais teñen implantadas políticas de igualdade para favorecer a participación de mulleres nos diversos ámbitos (dirección, produción, artistas, público), e que o 100% dos festivais incorporan mulleres tanto nos equipos de produción como na programación, sen embargo, só o 73% conta con mulleres nos equipos directivos.

Hai tamén unanimidade á hora de traballar en prol dunha comunicación inclusiva, e o 100% dos festivais empregan unha linguaxe non sexista e inclusiva, libre de estereotipos e prexuízos.

Con relación ás condicións de traballo dignas, o 90% dispoñen de contratos ou acordos que fixan os servizos e os dereitos e obrigacións de cada unha das partes; o 64% dispón dun organigrama nominativo incluíndo descrición das tarefas e responsabilidades específicas de cada posto e o 73% fomenta a formación das persoas que integran os equipos directivos e de produción tanto en materia de sostibilidade como a formación específica nas súas respectivas áreas de traballo.

Ao fío da accesibilidade, o 82% dos festivais dispoñen dun plan de accesibilidade, se ben non se pregunta polo alcance destes plans. Baixando ás accións postas en marcha neste campo, a maior parte das accións implantadas son as relacionadas coa mellora da accesibilidade física. O 100% dos festivais dispoñen de espazos preferentes de asentos e/ou localidades para persoas con mobilidade reducida, e o 90% fomenta a accesibilidade física garantindo espazos libres de barreiras, desniveis ou obstáculos.

Porén, no relativo á accesibilidade auditiva, apenas foron implantadas accións específicas. Se ben é certo que o 90% dos festivais proxectan pezas subtituladas, ningún festival dispón de servizos de vídeo interpretación en lingua de signos, só o 27% empregan un

servizo de lingua de signos e apenas o 17% dos festivais fan uso de sistemas de transmisión de vibracións. Ningún festival emprega sistemas de bucle magnético ou sistemas FM. Preguntados por accións no campo da accesibilidade visual, so o 25% teñen en conta a adaptación á lectura fácil do material, o 17% empregan audiodescrición, e ningún festival ten información en braille ou audioguías. Con relación ás webs dos festivais, menos da metade dispoñen de webs accesibles.

No ámbito social, outras das accións formuladas son as relativas ao fomento da diversidade de opcións de alimentación presentes nos festivais, e segundo os resultados, o 73% ofrece alternativas sen glute, vexetarianas e veganas.



Por último, dirixiuse a consulta ás accións adoptadas en materia de seguridade, saúde, hixiene e benestar. Se ben o 92% dos festivais aseguran levar un control sobre a documentación relativa ás persoas traballadoras (contratos, altas na Seguridade Social, TC...), só o 50% dos festivais dispón dun plan de riscos laborais e de coordinación de actividades empresariais, nin tampouco dun plan de autoprotección.

Rematamos a análise interpelando aos festivais polas causas polas que certas medidas non foron implantadas. O resultado: o 41% non se implantou por falta de orzamento, o 15% por falta de coñecemento, o 7% por falta de persoal, o 3% por falta de tempo e o 34% restante por outras causas.

Ámbito medioambiental

No ámbito ambiental foi avaliada a implantación de accións nos seguintes campos:

- Consumo enerxético
- Consumo de auga
- Transporte e mobilidade
- Economía circular (materiais, residuos)

Con relación ao consumo enerxético e a fonte de subministración, o 90% dos festivais son alimentados de enerxía da rede (falamos de eventos *indoor*, que teñen lugar en instalacións xa existentes) e levan a cabo unha regulación da iluminación dos recintos

conforme aos horarios de uso coa finalidade de reducir os consumos. Nesa mesma liña, o 60% emprega equipos eficientes de luz e son. Pola contra, só o 8% dos festivais miden o consumo enerxético do seu evento.

Se ben neste tipo de festivais o consumo de auga non é relevante, hai unha serie de accións vinculadas a este recurso, unha delas relativa á existencia de puntos de acceso gratuíto de auga potable, dos que o 70% si dispón.

No ámbito do transporte e a mobilidade, o 100% dos festivais traballa con aloxamentos achegados aos recintos das actividades para fomentar o desprazamento a pé das persoas asistentes. O 90% prioriza o tren sobre o avión nas viaxes de artistas, e o 73% colabora con empresas de transporte público e fomenta os desprazamentos compartidos entre as persoas dos equipos de produción. No outro extremo, só o 17% emprega vehículos eléctricos para os desprazamentos durante o evento e só o 8% fomenta o uso da bicicleta entre o equipo de produción.



Vehículos híbridos para transfers no Intersección, A Coruña, 2022.

Relativo á implantación de medidas orientadas á economía circular e á minimización de residuos, se ben case o 100% dispón de papeleiras/contedores para a recollida selectiva, só o 27% dos festivais dispón dun plan de xestión de residuos. Un 8% leva a cabo un control sobre o volume de residuos xerados. Sobre a minimización e reutilización de materiais, o 100% reutiliza elementos dun ano para outro (lonas, fotocols etc.) e o 90% leva a cabo unha análise previa das necesidades de compra.

Por último, interpelados polas causas que motivan a non implantación de certas accións, os resultados obtidos son: o 15% por falta de coñecemento, o 13% por falta de orzamento, o 3% por falta de tempo, o 2% por falta de persoal e o 67% por outras causas.

Ámbito económico

No ámbito económico foi avaliada a implantación de accións nos seguintes campos:

- Medición de indicadores
- Apoio a artistas locais
- Colaboración con empresas locais
- Grupos de interese

Só o 8% dos festivais dispón dun cadro de medición de indicadores e apenas o 17% leva a cabo a medición de indicadores de sostibilidade. Respecto ao apoio local, o 100% colabora con entidades o asociacións galegas, e o 73% contrata a artistas locais. O 90% dos festivais identificaron os seus grupos de interese, pero só un 8% mantivo reunións específicas con algún destes grupos sobre a estratexia sustentable. Rematamos este bloque preguntando polas causas que motivaron a non-implantación de certas accións, os resultados obtidos: o 31% foi por falta de coñecemento, o 19% por falta de orzamento, o 8% por falta de tempo, o 4% por falta de persoal e o 38% por outras causas.



Colaboración coas adegas da contorna, FanCine de Lemos, 2022.



6.2. Indicadores

Os indicadores son fundamentais na estratexia de sostibilidade xa que nos permiten medir, analizar e avaliar. Constitúen un conxunto de medidas vinculadas aos obxectivos fixados que van ofrecernos datos sobre a incidencia das nosas accións e que nos van permitir realizar comparativas periódicas; cos festivais adheridos a Proxecta formulamos indicadores cuantitativos. Como se indicaba no apartado anterior, son poucos os festivais que levan a cabo a medición de indicadores de sostibilidade, se ben o 75% dos eventos contestaron a este bloque.

Preguntados sobre os dez indicadores propostos polo Pacto, os resultados obtidos amósanse a continuación.

Ámbito social

Os indicadores propostos neste ámbito son:

- Mulleres nos equipos directivos
- Mulleres nos equipos de produción
- Mulleres na programación (cineastas, investigadoras e poñentes etc.)
- Datos de público (idade, nacionalidade)
- Existencia de contratos ou acordos que fixen os servizos e os dereitos e obrigas de cada unha das partes

Sobre os indicadores relativos á presenza das mulleres, o 75% dos equipos directivos están constituídos por homes e mulleres e destes, no 33%, a directiva é integramente feminina, o 50% paritaria e no 17% restante hai maior presenza masculina. Na produción, o 100% dos festivais contan con mulleres nos seus equipos, e no 90% a presenza de mulleres sitúase por riba do 50%. Se falamos de mulleres na programación, atopamos que abala entre o 20 e o 100%.

Respecto aos outros dous indicadores, só un 17% dos festivais ten datos sobre o público asistente. O 100% dos eventos interpelados contan con contratos ou acordos que fixan os servizos e os dereitos e obrigas de cada unha das partes, pero ningún aporta o datos porcentuais que demanda o indicador.

Á pregunta de por que non se calculan os indicadores, o 43% responde que é por falta tempo, o 29% por falta de persoal, o 14% por falta de orzamento e o 14% restante por outras causas.

Ámbito medioambiental

Os indicadores propostos neste ámbito son:

- Medición/estimación do consumo enerxético
- Medición/estimación do volume de residuos xerado

Ningún festival mediu os indicadores medioambientais. As causas: o 23% por falta de coñecemento, un 15% por falta de orzamento, outro 15% por falta de tempo e outro 15% por falta de persoal. O 31% restante alega outras razóns.

Ámbito económico

Os indicadores propostos neste ámbito son:

- Orzamento do festival
- Contribución das administracións públicas ao orzamento do evento
- Contratación de cineastas/artistas/relatores locais (Galicia)

Só un 50% dos festivais achega información sobre o orzamento e o 63% achega información sobre a contribución das administracións públicas ao orzamento. Nos datos facilitados obsérvase unha alta variabilidade tanto nos orzamentos (de 28000 a 170000 €) como na contribución das administracións públicas (do 50 ao 100% do total do orzamento). A porcentaxe de contratación de axentes locais sobre o total tamén é moi diversa: entre o 25 e o 100%.

6.3. Obxectivos

Presentamos, por último, os resultados globais en relación cos obxectivos establecidos polo Pacto Cultura Sustentable para 2022.

Os obxectivos establecidos para este ano foron:

1. Identificar as barreiras que impiden a accesibilidade universal aos eventos
2. Eliminar o 100% dos plásticos dun só uso
2. Medir a pegada de CO₂ (Alcances 1 e 2)
3. Identificar os grupos de interese

Ningún dos festivais acadou a totalidade dos obxectivos, se ben practicamente todos os festivais, un 92 %, levou a cabo accións para identificar as barreiras de accesibilidade e para identificar os grupos de interese. Só o 37 % conseguiu eliminar os plásticos dun só uso e un 8 % calculou a pegada de carbono.

Sobre as causas polas que non se acadaron os obxectivos 2 e 3, estas foron as respostas dos festivais: o 21 % atribúeo á falta de orzamento, un 14 % á falta de tempo, outro 14 % á falta de coñecemento, e un 7 % á falta de persoal. O 43 % restante alude a outros motivos.

7. Conclusións

Unha vez analizados os resultados incluídos no informe **Impactos positivos: procesos, accións, futuros**, sobre os festivais de cinema adheridos á coordinadora Proxecta, constátase sen ningunha dúbida que estes están comprometidos coa sustentabilidade. Os diferentes equipos organizativos dos eventos teñen claro que cultura e desenvolvemento sostible son dúas caras dunha mesma moeda e que os festivais poden contribuír e impactar nalgún dos obxectivos establecidos pola Axenda 2030, aprobada en 2015 na ONU.

As contribucións dos festivais á sustentabilidade son maiores no ámbito social ca nos ámbitos medioambiental e económico.

No ámbito social, destacan as accións e resultados que impactan en dous dos obxectivos que o Pacto Cultura Sustentable fixaba como prioritarios para o ano 2022. Por unha banda, en relación á igualdade e diversidade; obvio é xa que non hai festivais de cinema sen mulleres e, mesmo, no caso dos que son obxecto deste informe, atopamos un 25% nos que as mulleres xacopan os postos de responsabilidade no equipos organizativos. Non é unha cifra anecdótica se a comparamos con

proxectos culturais doutros ámbitos como o musical ou o editorial. En relación co deseño de contidos e programacións, obsérvase que ningún festival de cinema ofrece menos dun 20% deles achegados por mulleres.

Por outra banda, tamén **no marco do social** e como obxectivo prioritario do Pacto para 2022, vemos como medra a preocupación por deseñar eventos accesibles, se ben é certo que as melloras se refiren case exclusivamente á accesibilidade física. Os festivais de cinema non son quen de escapar do que establece a nosa sociedade a diario: unha contorna, se non hostil, disuasoria para milleiros de persoas con capacidades diferentes.

No ámbito medioambiental, os festivais analizados non teñen un impacto tan significativo como outros eventos por razóns como a súa dimensión ou, na maioría das ocasións, o seu carácter *indoor*. A maior parte dos festivais desenvolven a súa actividade en instalacións e recintos que non son da súa titularidade ou xestión directa, circunstancia que condiciona as súas accións e resultados nesta materia. De calquera xeito, isto non os exime de mellorar o seu desempeño. A destacar, o traballo progresivo que todos eles desenvolven

para mellorar a recolla selectiva de residuos. No outro lado da balanza, detéctase aínda un gran descoñecemento no campo das enerxías e no dos materiais sustentables.

No ámbito económico, aínda tendo en conta os diferentes graos de interacción e impacto dos festivais na súa contorna, hai que recoñecer que levan a cabo accións propostas como a colaboración con empresas de proximidade e o apoio á creación artística local. Porén, a identificación dos grupos de interese dos eventos aínda non é plena, non só por un mapeado incompleto, senón pola ausencia de conversa e colaboración no que respecta sobre todo á sustentabilidade medioambiental. Exemplos disto son a falta de aliñación dos provedores ou o descoñecemento que existe sobre os propios públicos dos eventos.

Para pechar o apartado de conclusións do informe, cómpre sinalar que as razóns polas que non se implantan ou desenvolven máis accións de impacto positivo son, en máis da metade das ocasións, a falta de orzamento, a falta de coñecemento/formación, a falta de tempo e a falta de persoal para levalas a cabo, segundo indican desde os festivais. Trátase de catro motivos en aparencia diversos que, desde a perspectiva do equipo que elabora este informe analítico, están conectados e poderían englobarse nun só: o primeiro deles.

8. Recomendacións

Como xa indica no título deste informe, os impactos positivos dos eventos refírense a accións, procesos e posibles futuros. Por esa razón, este informe inclúe unha serie de recomendacións que, se ben poderíamos resumir en compartir recursos e mellorar a formación das persoas envoltas nos festivais, detallamos a seguir:

- No ámbito social, afondar na formación dos equipos de produción dos festivais en cuestións relacionadas coa accesibilidade (física, motora, cognitiva, sensorial e orgánica). Contratación ou colaboración con persoas expertas neste campo.
- No ámbito medioambiental, afondar na formación en relación á enerxía e residuos. Contratación ou colaboración con persoas expertas en cálculo de pegada de carbono.
- No ámbito económico, traballar cos grupos de interese, que son todas aquelas entidades, colectivos ou axentes afectados e envoltos no desenvolvemento dos festivais (públicos, creadores, empresas, administracións, asociacións, veciñanza, medios de comunicación etc.). Identificalos é o primeiro paso, pero o mapeo non terá maior percorrido se non se coñecen e non se establece diálogo, retroalimentación e aliñamento de intereses.

En xeral, tirar maior proveito do carácter de plataforma colectiva e dos obxectivos declarados de Proxecta para sumar esforzos e recursos no traballo dos festivais de cinema de cara á sustentabilidade. Respecto dos intereses e ferramentas comúns aos eventos, Proxecta debe ser a plataforma adecuada para identificarlos, compartilos así como potenciar o seu papel de interlocución coa contorna. En xeral, comunicar; contar o que o evento está a facer para impactar positivamente. A comunicación é unha ferramenta relevante na estratexia sustentable á hora de envolver a todos os grupos de interese e facelos partícipes de visión, valores e obxectivos. Comunicar desde a transparencia e a creación de valor compartido é importante.



90 accións sustentables

para 2022

Unha proposta do Pacto Cultura Sustentable para Proxecta Coordinadora Galega de Festivais de Cinema

Ámbito social

- (1) Posta en marcha de políticas igualdade
- (2) Mulleres nos equipos de dirección
- (3) Mulleres nos equipos de produción
- (4) Mulleres na programación (cineastas, artistas, poñentes, investigadoras)
- (5) Fomento dun público diverso (idade, identidade, nacionalidade)
- (6) Establecemento de punto lila (información e asistencia sobre agresións sexuais)
- (7) Emprego de linguaxe non sexista, libre de estereotipos e prexuizos
- (8) Establecemento dun organigrama nominativo, descrición de tarefas e responsabilidades dos postos
- (9) Establecemento de contratos/acordos que fixen servizos, dereitos e obrigas das partes
- (10) Fomentar a formación das persoas dos equipos de dirección e produción tanto en materia de sustentabilidade como nas súas áreas específicas de traballo
- (11) Dispoñer dun plan de accesibilidade
- (12) Accesibilidade física: espazos libres de barreiras, desniveis e obstáculos
- (13) Accesibilidade física: garantir libre deambulación, autonomía e independencia
- (14) Accesibilidade física: uso de ramplas e elevadores en caso de desniveis
- (15) Accesibilidade física: baños accesible segundo normativa vixente, acceso cadeiras rodas
- (16) Accesibilidade física: espazos preferentes, asentos/localidades para persoas con mobilidade reducida
- (17) Accesibilidade física: en eventos multitudinarios, uso de plataformas elevadas

- (18) Accesibilidade física: superficies e obxectos facilmente asibles (varandas, pomos, billeteiras)
- (19) Accesibilidade física: áreas de restauración e barras accesibles
- (20) Accesibilidade física: puntos de información e servizos auxiliares accesibles
- (21) Accesibilidade física: outras interaccións coas persoas usuarias (validación de entradas e pulseiras, merchandising etc.)
- (22) Accesibilidade física: zonas de aparcadoiro habilitadas
- (23) Accesibilidade auditiva: emprego de lingua de signos
- (24) Accesibilidade auditiva: emprego de subtulado
- (25) Accesibilidade auditiva: subtulado para a comunidade xorda
- (26) Accesibilidade auditiva: servizo de videointerpretación en lingua de signos
- (27) Accesibilidade auditiva: control de subgraves
- (28) Accesibilidade auditiva: pantallas LED
- (29) Accesibilidade auditiva: sistemas de transmisión de vibracións
- (30) Accesibilidade auditiva: bucle magnético
- (31) Accesibilidade auditiva: sistemas FM
- (32) Accesibilidade auditiva: letras de temas musicais dispoñibles
- (33) Accesibilidade visual: audiodescrición
- (34) Accesibilidade visual: braille, planos táctil e en relevo
- (35) Accesibilidade visual: emprego de lectura fácil
- (36) Accesibilidade visual: signoguías/audioguías
- (37) Accesibilidade visual: webs e redes sociais accesibles
- (38) Diversidade opcións alimentarias: sen glute, outras intolerancias e alerxias
- (39) Diversidade opcións alimentarias: opcións veganas
- (40) Diversidade opcións alimentarias: opcións vexetarianas
- (41) Dispoñer dun plan de riscos laborais e coordinación de actividades empresariais
- (42) Dispoñer dun plan de autoprotección (PAU)/continxencia/emergencia
- (43) Dispoñer da documentación establecida legalmente (títulos habilitantes, declaracións responsables, licenzas, proxectos técnicos)
- (44) Control de documentación das persoas traballadoras: contratos, altas SS, TC, EPI, formación en PRL

- (45) Implantación medidas sanitarias COVID
- (46) Dispoñer dun servizo de limpeza específico para o evento
- (47) Sanitarios químicos: dispoñer de certificado de transporte a planta de tratamento autorizado

Ámbito medioambiental

- (48) Emprego de enerxía en rede
- (49) Emprego de xeradores eficientes
- (50) Emprego de biocombustibles
- (51) Emprego dalgunha enerxía renovable
- (52) Medición/estimación de consumo enerxético
- (53) Regulación da iluminación dos recintos de acordo aos horarios de uso
- (54) Emprego de equipos eficientes (luz, son, electrodomésticos)
- (55) Emprego de baños ecolóxicos
- (56) Puntos de acceso gratuíto á auga potable
- (57) Emprego de redutores de caudal: temporizadores ou detectores de caudal en duchas e billas
- (58) Emprego de produtos de limpeza ecolóxicos ou certificados
- (59) Colaboración con empresas de transporte
- (60) Fomento do tren fronte ao avión para os desprazamentos
- (61) Fomento do transporte compartido entre os equipos de produción
- (62) Fomento do uso da bicicleta entre os equipos de produción
- (63) Contratación de hoteis preto dos recintos para facilitar os desprazamentos a pé
- (64) Emprego de vehículos eléctricos para transfers
- (65) Dispoñer dun plan integral de xestión de residuos
- (66) Dispoñer de contedores para a recollida selectiva de residuos
- (67) Solicita ás empresas de recolla de residuos datos e certificados de entrega a xestor autorizado
- (68) Medición/estimación do volume de residuos xerado
- (69) Redución de residuos: vaso reutilizable
- (70) Redución de residuos: eliminación de materiais impresos (folletos, programas)

- (71) Redución de residuos: cashless
- (72) Redución de residuos: reutilización de materiais (fotocols, lonas)
- (73) Redución de residuos: botellas reutilizables para os equipos de traballo
- (74) Redución de residuos: redución de embalaxes
- (75) Redución de residuos: adquisición de produtos a granel
- (76) Merchandising téxtil con materiais certificados (algodón orgánico)
- (77) Emprego de materiais reciclables/compostables: vasos, pratos, recipientes cartón para alimentos
- (78) Emprego de materiais reciclables/compostables: peches perimetrais con madeira
- (79) Emprego de materiais reciclables/compostables: envases
- (80) Emprego de papel certificado: FSC, PEFC ou reciclado
- (81) Compras: análise previo das necesidades do evento
- (82) Oferta gastronómica con produtos locais e de temporada

Ámbito económico

- (83) Dispoñer dun cadro de mando/indicadores
- (84) Medición de indicadores
- (85) Contratación de artistas/creadores locais (Galicia)
- (86) Colaboración con entidades e asociacións locais (Galicia)
- (87) Colaboración con entidades e asociacións da contorna máis próxima
- (88) Promover accións de coñecemento da contorna
- (89) Identificación dos grupos de interese
- (90) Manter reunións/conversas específicas sobre sustentabilidade cos grupos de interese



**PACTO
CULTURA
SUSTENTABLE**

